



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que adopte con urxencia todas as medidas organizativas e de coordinación co Sergas, na Área Sanitaria de Vigo, para a asignación do recurso específico sanitario que corresponda en función das necesidades acreditadas mediante os informes médicos do alumno, nos que se indica o cambio do sonda cada tres horas durante a xornada lectiva no centro escolar, cunha específica consideración á súa idade e discapacidade

Expediente: D.3.Q/3888/22

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2022

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención xxxxx.

No seu escrito indícanos que solicita o amparo desta institución por mor da falta dunha adecuada inclusión escolar do seu fillo xxxxx, de 7 anos de idade, cun 71% de discapacidade recoñecida, escolarizado no CEIP xxx.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito manifesta, literalmente:

*“Se solicitó a principios del curso lectivo 2021/2022 la necesidad de una enfermera escolar para cubrir los sondajes intermitentes de orina que XXX requiere dada su patología en las horas que acude al colegio de 9:30 a 17:00hs que son dos sondajes durante el período que acude al colegio; dada mi circunstancia familiar, cada vez se me hace más difícil poder cubrirles los sondajes que requiere cuando acude al colegio, ya que estoy separada y tengo la custodia de mis 3 hijos y tengo que trabajar a jornada completa, sinceramente veo que no se está cumpliendo una inclusión en su caso, ya que no se cubren sus necesidades; el personal del colegio no puede administrarle su medicación, ni puede realizarle los sondajes ya que solo lo puede hacerlo personal sanitario, ellos nos brindaron el espacio para dicho sondaje, y solicitaron la adaptación curricular dadas las necesidades de mi hijo, que fue aprobada dado su diagnóstico.*”

*Y el inspector del colegio, a dicha solicitud nos dice que no se puede hacer nada porque no hay convenio entre sanidad y educación, dicho verbalmente porque no me quiere dar nada por escrito. Si bien es verdad que dicho convenio no existe, en otras comunidades como Madrid, Barcelona, Andalucía sin existir convenio le proporcionan dicha enfermera a niños con la misma patología que mi hijo (espina bífida).*

*Es muy necesario dicho personal sanitario en este caso ya que si yo tengo que seguir cubriendo las necesidades de mi hijo no puedo trabajar”.*

Ante iso solicitamos informe desa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que foi rexistrado na data do 8 de setembro. Cómpre lembrar que iniciamos actuacións ante a consellería o 23 de xuño, ao final do pasado curso escolar.

No seu informe, a Administración educativa manifesta que a persoa que promove a queixa solicita a presenza de persoal sanitario no colexio concertado CPR xxx para a atención do seu fillo durante o horario de permanencia no centro educativo (9.30-17.00 horas).

Sinala o informe que a prestación da asistencia solicitada correspóndelle ao ámbito competencial do Sergas polo que a solicitude presentada pola nai do menor nesa Consellería o 13/07/2022, xunto cos informes achegados nela, foi remitida á Xerencia da Área Sanitaria de Vigo o 04/08/2022, por ser o departamento competente para a súa tramitación.

Pola nosa banda, solicitamos tamén da Consellería de Sanidade a comprobación da situación comunicada e as posibles solucións. Na data do 25 de outubro, a persoa que solicitou a nosa intervención achega copia dun escrito enviado ao Sergas no que sinala:

*El viernes 21 de octubre de 2022 fui citada en el Centro de Salud xxx, donde se me expone la resolución tomada para cubrir las necesidades sanitarias de mi hijo xxxxx en horario escolar en el colegio plurilingüe xxx.*

*La petición es un enfermero escolar para realizar un sondaje urinario cada 3 horas y el suministro de la medicación correspondiente a mi hijo, y en caso de desplazamiento del centro a una excursión o actividad fuera del recinto. También que esa persona sea siempre la misma para garantizar un buen sondaje y así evitar el riesgo de infección de orina, ya que yo misma tendré que explicarle cómo realizar el sondaje porque en el centro de salud me lo pidieron.*

*Lo concedido es un servicio ambulatorio donde no se garantiza tal sondaje en las horas estipuladas por el urólogo (cada 3 horas), poniendo en riesgo la salud de mi hijo ya que sus riñones se pueden ver afectados por la subida de la orina. De tal modo también ponen en mi conocimiento que si surge una urgencia ambulatoria no acudirán al sondaje de mi hijo.*

*Solicito en este escrito un enfermero escolar que realice estas funciones en el centro escolar de mi hijo (...)*

No expediente Q/5223/22, referíndose a un alumno con necesidades educativas especiais que, segundo reflicte o informe do EOE da Coruña, presenta ademais necesidades asistenciais e médicas, solicitouse persoal sanitario para facer fronte as situacións descritas no seu informe médico.

O informe da consellería nese expediente lembra que non está contemplada na normativa educativa a dotación de persoal sanitario nos centros educativos. A asignación do recurso específico de persoal sanitario realízase en función de necesidades acreditadas mediante informe médico que motive e requira a dotación deste recurso humano.

#### ANALISE

Non parece preciso reiterar a obriga de cumprimento da Convención da ONU sobre dereitos das persoas con discapacidade do 13 de decembro de 2006, que atribúe tanto o dereito a unha educación inclusiva dos alumnos con discapacidade, como os termos en que as administracións educativas están obrigadas a realizar axustes razoables, cando sexan necesarios para facer posible o exercicio do dereito á educación inclusiva nun caso particular. Aínda que na Convención non se precisa que debe entenderse por educación inclusiva, resulta posible deducir o contido que deba darse a este concepto da definición que realiza das obrigacións que asumen os Estados Partes para facelo efectivo (artigo 24.2).

A educación inclusiva é o proceso que axuda a superar os obstáculos que limitan a presenza, a participación e os logros dos estudantes, e a Convención sobre dereitos das persoas con discapacidade esixe que os Estados Partes aseguren que as persoas con discapacidade «non queden excluídas do sistema xeral de educación por motivos de discapacidade», e que as mesmas persoas «poidan acceder a unha educación primaria e secundaria inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais, na comunidade na que vivan».

De acordo tamén coa Convención, para lograr os obxectivos anteriores os Estados Partes asegurarán que se «fagan axustes razoables en función das necesidades individuais».

O artigo 2 da Convención establece que son razoables e esixibles «as modificacións e adaptacións necesarias e adecuadas que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida cando se requiran nun caso particular, para garantir ás persoas con discapacidade o goce ou exercicio, en igualdade de condicións coas demais, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais». No mesmo artigo prohíbense todas as formas de discriminación

das persoas con discapacidade, e defínese como discriminación por motivos de discapacidade «calquera distinción, exclusión ou restrición por motivos de discapacidade que teña o propósito ou o efecto de obstaculizar ou deixar sen efecto o recoñecemento, goce ou exercicio en igualdade de condicións de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais...», mencionándose expresamente como constitutiva dunha forma de discriminación «a denegación de axustes razoables».

Neste caso concreto, trátase dun menor cun 71% de discapacidade, escolarizado nun centro ordinario, e que precisa, á vista dos informes médicos aportados, un cambio da sonda urinaria tres veces, con regularidade, durante a xornada lectiva. Ese cambio debe facerse respectando a intimidade do menor respecto dos seus compañeiros e nos períodos de tempo pautados.

A Administración educativa ten a obriga de atender esta necesidade asistencial nos termos establecidos nos informes médicos, obriga que deriva do dereito do alumno aos axustes razoables que posibiliten a súa inclusión. Como sinalamos, as Administracións deben asegurar que as persoas con discapacidade «non queden excluídas do sistema xeral de educación por motivos de discapacidade», e que as mesmas persoas «poidan acceder a unha educación primaria e secundaria inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais». Neste caso, nin a enfermidade nin a discapacidade poden xerar unha forma de discriminación derivada de que o alumno non se encontraría en igualdade de condicións cos seus compañeiros.

No informe da Administración educativa sinálase que a prestación da asistencia solicitada correspóndelle ao ámbito competencial do Sergas polo que a solicitude presentada pola nai do menor nesa Consellería o 13/07/2022, xunto cos informes achegados nela, foi remitida á Xerencia da Área Sanitaria de Vigo o 04/08/2022, por ser o departamento competente para a súa tramitación. Porén, a necesidade desa prestación asistencial nesta queixa cingúese á xornada lectiva e nun centro educativo polo que é competencia e obriga da Administración educativa asegurarse de que quedan cubertas as necesidades do alumno do xeito indicado nos informes sanitarios.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte **recomendación**:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades adopte con urxencia todas as medidas organizativas e de coordinación co Sergas, na Área Sanitaria de Vigo, para a asignación do recurso específico sanitario que corresponda en función das

necesidades acreditadas mediante os informes médicos do alumno nos que se indica o cambio da sondaxe cada tres horas durante a xornada lectiva no centro escolar, con unha específica consideración da súa idade e discapacidade.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo